

**PROCESO DE PARTICIPACIÓN  
NA ELABORACIÓN DO PROXECTO  
DE DECRETO POLO QUE SE  
DESENVOLVE O TÍTULO II DA  
LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO,  
DE XUVENTUDE DE GALICIA.**




## CONCLUSIÓNS DAS SESIÓNS DE TRABALLO

### 1 Desenvolvemento do proceso.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado está a traballar na elaboración dunha nova normativa en materia de xuventude, que dea resposta a moitas necesidades e demandas que se presentan na actualidade neste ámbito.

O novo Decreto, en cumprimento das previsións de desenvolvemento regulamentario que establece a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, vai abordar a regulación dos seguintes servizos á xuventude:



Conscientes da importancia de coñecer e contar coa opinión, inquiredanzas e necesidades dos distintos axentes implicados nos ámbitos obxecto da regulación, e co fin de acadar o consenso sobre esta normativa, a Dirección

Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado abriu un proceso de participación á cidadanía que se articulou a través de distintos instrumentos:

- Creación dun espazo web propio “Novo Decreto de Xuventude” na páxina web da Dirección Xeral.
- 6 Xuntanzas de traballo que se desenvolveron nas cidades de Ourense, Lugo, A Coruña, Vigo e Santiago, onde tamén se celebrou unha xornada específica sobre información xuvenil o día 18 de abril con motivo do Día europeo de información xuvenil á que asistiron arredor de 80 informadores xuvenís.



Nas xornadas provinciais participaron un total de 94 persoas.

- Consultamos coas escolas de tempo libre unha serie de cuestións que consideramos importantes de cara ao novo Decreto. Así, mediante mail do 23 de marzo plantexámoslles as seguintes cuestións:

**-Cales deberían ser os requisitos esixidos para constituirse como escola de tempo libre (docentes, locais, equipamento)?**

**- Como se deberían regular os programas formativos? Neste sentido, hai que partir do acordo do Consello Interterritorial de Xuventude de que todas as CC.AA adapten os contidos dos cursos que se imparten nas escolas de tempo libre aos correspondentes certificados de profesionalidade. Porén, deberíanse regular cursos de especialización? Cales?**

**- Como se debería regular a fase de prácticas (seguros, convenios, etc.)?**

**- Como se debería regular a avaliación e seguimento das escolas?**

**- Calquera outro aspecto que consideredes: número mínimo e máximo de alumnos, titulacións do alumnado para acceder á formación, etc.**

Agradecemos as achegas que, en resposta a este mail, nos fixeron as escolas de tempo libre: Néboa, AIKA, Barlovento, Cruz Vermella, UDC e Xaruma.

- Creamos unha conta de correo electrónico para que calquera cidadán interesado puidese facer as súas achegas vía mail: [decreto.xuventude@xunta.gal](mailto:decreto.xuventude@xunta.gal).

E o seguinte paso neste proceso é o **III Foro Aberto de Tempo Libre**, que se plantexa os seguintes obxectivos:

- 1) Avanzar na renovación da normativa en materia de xuventude: pechar xa os temas nos que houbo consenso nas reunións e identificar materias susceptibles de seguir sendo traballadas.
- 2) Artellar mecanismos operativos de comunicación e traballo nos meses seguintes para avanzar na redacción da norma e para a organización dunha nova edición do INTERACTUANDO a principios de novembro.
- 3) Asentar unha base de coñecemento mutuo e confianza entre axentes activos no eido da educación non formal e actividades de tempo libre en Galicia.

## 2 Conclusións das sesións de traballo

Froito das xornadas de traballo xurdiron moitas ideas interesantes e se xerou un debate moi enriquecedor gracias a ampla participación dos mozos e mozas que acudiron e das entidades que prestan servizos á xuventude.

SINALAMOS ALGÚNS ASPECTOS NOS QUE HOUBO CONFLUENCIA, E QUE SE TRASLADAN A UN NOVO BORRADOR DE DECRETO DE XEITO ABERTO PARA SEGUIR AFONDANDO E ADOPTANDO DECISIÓNS AO RESPECTO:

### 2.1 FORMACIÓN E ACTIVIDADES

- En canto á declaración responsable, propónse diferenciar segundo o tipo de actividade de que se trate e atendendo a factores como a duración ou o risco que impliquen.
- Propónse tamén, sempre que sexa posible, ampliar o ámbito de aplicación da normativa aos menores de 14 anos, xa que unha grande parte das actividades van dirixidas a esta franxa de idade.
- Na liña apuntada tamén se entende que o novo Decreto debe regular un espectro máis amplo de actividades das que contempla actualmente o borrador, quedando pendente de identificar e definir esas novas actividades (os campamentos urbanos, obradoiros, saídas sen pernocta???)

- Considérase necesario contemplar algunhas especialidades para as persoas con diversidade funcional en cuestións de ratios e titulación ou formación especializada esixible ao equipo técnico.
- Queda pendente de decidir se para acceder á condición de director/a de tempo libre é requisito necesario ter a titulación de monitor/a de tempo libre.
- Debería clarificarse o sistema de cómputo de horas das prácticas esixidas para os títulos de monitor/a e director/a.
- Plantéxase valorar a posibilidade de que as escolas poidan integrar medios alleos (ex. aulas, etc.) a través de convenios con entidades locais, universidades, etc... contemplando así a realidade da mobilidade das escolas e facilitando a súa existencia.
- Sería positivo limitar a idade para poder exercer como monitor ou monitora aos 18 anos.
- Respecto das convalidacións, sería conveniente incluír outras titulacións que tamén comparten similitudes como UNEF,...
- Deberían revisarse os requisitos materiais das escolas para que estean adaptados ás necesidades actuais.
- Incorpórase a realidade dos certificados de profesionalidade de dinamización de actividades de educación de tempo libre infantil e xuvenil e de dirección e coordinación, recoñecendo os certificados como titulacións válidas para a consideración de profesionais da educación no tempo libre en cumprimento do real Decreto 577/2011, de 20 de abril.
- Plantéxase a posibilidade de ampliar as ratios de monitores do equipo dirixente para profesionalizar as actividades.
- Debátese sobre a posibilidade de incluír a posibilidade de formación en liña, e se entende que a educación a distancia debería restrinxirse moito nestas titulacións pola súa natureza, limitándoa a unha porcentaxe moi pequena que queda por determinar no seu caso.
- Existe un importante acordo tamén en potenciar os cursos de especialización no ámbito de xuventude, como distintivo de calidade e valor diferencial das escolas de tempo libre. Concretamente deberían especificarse os de:
  - Formador/a de formadores
  - Formación de persoas con necesidades especiais

Todo isto sen prexuízo de establecer unha habilitación a que mediante orde se poidan recoñecer e desenvolver máis especialidades.

- Recoméndase clarificar a necesidade da existencia de pólizas de responsabilidade civil e accidentes. Neste aspecto, sobre as prácticas dos alumnos das escolas, plantéxase a posibilidade de que a entidade onde o alumno realice as prácticas sexa a que subscriba a póliza.

## **2.2 INSTALACIÓNS**

- Debería especificarse que tipo de folia de visitas se utilizará, sendo aconsellable equiparala á utilizada no resto de establecementos de pernoita. Do mesmo xeito debería especificarse o tipo de caixa de primeiros auxilios segundo o tipo de actividade.
- Sobre as superficies mínimas, compre que se unifique a das camas e liteiras para evitar problemas interpretativos.
- Deben contemplarse outros escenarios respecto da necesidade de ter unha enfermería e respecto dos profesionais sanitarios que deben actuar.
- Sería aconsellable revisar os requisitos das instalacións de xeito que non supoñan un atranco á apertura de novas instalacións ou un problema para as xa existentes. Neste sentido, as ratios actuais de superficies poden ser excesivas.
- Debería flexibilizarse os requirimentos sobre a distribución das instalacións, de xeito que os espazos poidan ser máis polivalentes.
- Sería interesante utilizar un concepto de responsable da instalación máis que o titular da mesma.